

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE MAIO

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.- 205/06.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Edificio (20 viv.) nas parcelas 2 e 3 do PERI de Vieiro.-

PRÓRROGA.- 572/06.- Feliciano Rilo Toubes.- Restauración de cuberta na R/ Cruceiro de Sar núm.16 (+).-

APERTURAS.- Lap/27/06.- Neira de Mosquera 8, S.L.- Licenza de funcionamento de garaxe en R/ Neira de Mosquera núm.8.-

OCHR (Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.)

LICENZAS.-

Favorables.-

-LIC/747/2005.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Restauración da igrexa de San Xulian do Carballal.- Carballal.

-LIC/1958/2005.- ANGEL JOSÉ BUJAN OTERO.- Derruba de vivenda.- Na Rúa Corredeira das Fraguas nº 78.-

-LIC/ 1959/2005.- ANGEL JOSÉ BUJAN OTERO.- Construción de vivenda unifamiliar entre medianeiras.- Na Rúa Corredoira das Fraguas nº 78

5.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á modificación das bases de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais para 2006.

Acéptase a proposta de modificación das bases da convocatoria mencionada e a redacción alternativa do punto 6º.

6.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao abeiro da orde do 31 de marzo de 2006 para actividades de voluntariado.

Acórdase a solicitude dunha subvención de 24.844,30 euros para financiar as devanditas actividades de voluntariado.

9.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á solicitude dunha subvención á Vicepresidencia da igualdade e do benestar para actividades dirixidas á xuventude, promoción da información xuvenil e incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías.

Acórdase a solicitude dunha subvención 71.760 euros para o financiamento destas actividades.

10.- Aprobación da liquidación de contas do "Antroido 2006".

Apróbase a devandita liquidación.

11.- Aprobación da liquidación de contas da "Celebración do fin de ano 2005".

Apróbase a devandita liquidación.

12.- Aprobación da liquidación de contas da "Celebración da cabalgata de Reis 2006".

Apróbase a devandita liquidación.

13.- Proposta do concelleiro delegado de festas relativa á aprobación do programa de actividades da Ascensión 2006.

Apróbase o programa das festas, que terán lugar do 24 ao 28 de maio, cun importe destinado ás mesmas de 230.976 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á aprobación do achegamento anual ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Acórdase o achegamento de 3.606,07 euros como contribución anual ao Fondo.

15.- Proposta da concelleira delegada da muller relativa a aprobación das bases para a concesión de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller para o ano 2006 e a súa convocatoria.

Apróbanse as bases, así como a convocatoria e apertura do prazo para a presentación de solicitudes, que será dun mes a partir do día seguinte á publicación daquela no Boletín Oficial da Provincia.

16.- Adxudicación da poxa de Concesión de Bens de uso público na Alameda, para a colocación de postos durante as festas do Apóstolo e a Ascensión 2006.

Adxudícase a poxa de referencia a Antonio Pombo Botana, por un importe de 108.000 euros.

17.- Proposta do concelleiro de relacións veciñais relativa á adxudicación dunha Asistencia técnica para a impartición de cursos formativos destinados ás entidades veciñais

Adxudícase a devandita asistencia técnica á Asociación Turmalina de Actividades Bioculturais, por un importe de 11.230 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á resolución do contrato de Prestación do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público de Monte dos Postes.

Acéptase a renuncia solicitada por Mónica Segade Miranda e procédese á devolución da garantía definitiva depositada.

19.- Proposta da concelleira de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de ordenadores persoais para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e o inicio do expediente, cunha licitación de 100.685,60 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación dun incremento de 3 unidades no servizo de limpeza, vixilancia e conservación do CEIP Raíña Fabiola.

Acórdase o incremento das tres unidades, pasando de 17 a 20, por un importe de 2.779,20 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de reforma administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de posta en marcha dun módulo software para a publicación de novos servizos a través da carpeta cidadá do portal web do Concello.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e o inicio do expediente por procedemento negociado sen publicidade, cunha licitación de 30.000 euros.

22.- Proposta dos concelleiros delegados de infraestruturas e de rehabilitación do casco histórico relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación de barandilla para a baixada da rúa Trinidad e escalinata de acceso á Avda. Rodrigo de Padrón.

Apróbase o prego de condicións e o inicio do expediente, cunha licitación de 25.145,51 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento do campo de fútbol de Santa Isabel.

Adxudícase a devandita asistencia técnica á empresa SB, S.C., por un importe de 23.770 euros e cun prazo de execución de 15 días.

24.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de albanelería, carpintería e outras a realizar nos Colexios Públicos de infantil e primaria dependentes do Concello.

Apróbase o prego e o inicio do expediente, por un importe de 58.653 euros.

25.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación dunha Asistencia Técnica para o Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente, cunha licitación de 180.000 euros.

26.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación inicial da modificación puntual do Plan especial de reforma interior de Cornes no ámbito das unidades 3, 5 e 7.

Acórdase a aprobación inicial da devandita modificación, segundo proxecto presentado por GESPROCAR S.L. e IBERCELTA S.L. o 30 de marzo de 2006.

27.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación provisional da modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 34 (SUNP-34) de Boisaca.

Apróbase provisionalmente a devandita modificación, segundo o proxecto presentado por SEPES o 25 de abril de 2006.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amañecida.

Acórdase a aprobación inicial do proxecto de urbanización, segundo o documento presentado pola Xunta de Compensación do polígono con data 28 de decembro de 2005.

29.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono 2 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.

Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización segundo o documento presentado pola Xunta de Compensación o 2 de febreiro de 2006.

30.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación para o desenvolvemento da comarca de Santiago para o cofinanciamento do proxecto Traslatio II "Herdanza cultural do Camiño Portugués".

Dáse conta do devandito convenio, que regula as obrigas e condicións deste proxecto. Entre outras cuestións, o convenio asigna a execución da obra "Recuperación do Castelo da Rocha" ó Concello de Santiago por un importe de 137.414,59.

31.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 24 da sesión de 10 de abril de 2006 relativo á liquidación do servizo de transporte urbano para 2005.

Dáse conta da corrección do erro.

32.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 27 da sesión de 10 de abril de 2006, relativo á ampliación do contrato de mantemento de iluminación pública e instalacións eléctricas das dependencias municipais.

Dáse conta da corrección do erro.